



## DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADES

Apelidos: _____
Nome: _____
Estado civil: _____ Idade: _____

Ano de licenciatura e universidade: _____
_____
Anos de exercicio profesional: _____
Domicilio profesional: _____
Localidade: _____ Teléfono: _____

Exerce algunha das actividades que se sinalan no dorso?: _____
Indique cales: _____
Cargo ou función: _____
En que localidade?: _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos que consigno neste formulario son certos, para os efectos establecidos nos estatutos deste Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela sobre incompatibilidades.

Santiago de Compostela, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

[Sinatura]

[Relación de incompatibilidades no dorso]

## Relación de incompatibilidades:

1. Os cargos de presidente ou vicepresidente do Goberno; embaixador en activo; subsecretario, director xeral ou asimilados a calquera dos cargos nomeados, na Administración xeral do Estado e nos organismos autónomos estatais ou paraestatais, ou nas comunidades ou rexións autónomas, co cargo de gobernador civil e, en xeral, co desempeño de cargo político de libre nomeamento que implique autoridade ou mando na Administración central do Estado, das comunidades autónomas, en calquera dos niveis ou áreas municipais ou provinciais e da Administración local.
2. Co cargo de funcionario da Administración de Xustiza, calquera que sexa o cargo, tanto na xurisdición ordinaria coma en calquera outra especial que subsista ou sexa creada no futuro.
3. Co de rexistrador da propiedade ou mercantil, así como os oficiais e auxiliares destes.
4. Coa profesión de funcionario de institucións penitenciarias.
5. Coa de avogado do Estado, tanto titular coma substituto, salvo cando exerzan como tales avogados do Estado en cuestións propias da súa competencia.
6. Coa de letrado e funcionario das Cortes, do Senado e de organismos análogos nas comunidades autónomas.
7. Coa de membro en activo das Forzas Armadas.
8. Coa de funcionario do Corpo Xeral de Policía en activo.
9. Coa de funcionario da Administración xeral, da Administración local e das entidades xestoras da Seguridade Social, calquera que sexa o seu cargo, grao ou categoría.
10. Coa de graduado social e coa de toda clase de axentes ou xestores.
11. Coa de procurador dos tribunais.
12. Coas restantes funcións ou empregos da Administración, tanto estatal coma de rexións autonómica, en cuxas leis, regulamentos e estatutos se estableza tal incompatibilidade.
13. Coa de funcionario contratado da Administración municipal, deputacións provinciais ou similares.
14. Coa de funcionario ou contratado das diversas entidades ou sociedades dependentes directamente de calquera dos organismos referidos nos anteriores apartados aínda que teñan a figura de sociedades mercantís.

---

## Estatuto xeral da avogacía española

Real decreto 658/2001 do 22 de xuño

### Prohibicións, incompatibilidades e restricións especiais

#### Artigo 21

Os avogados/as teñen as seguintes prohibicións, cuxa infracción se sancionará disciplinariamente:

- a) Exercer a avogacía estando incurso en causa de incompatibilidade así como prestar a súa sinatura a quen, por calquera causa, non poida exercer como avogado.
- b) Compartir locais ou servizos con profesionais incompatibles, se iso afectar á salvagarda do segredo profesional.
- c) Manter vínculos asociativos de carácter profesional que impidan o correcto exercicio da avogacía, atendendo a este respecto ao previsto neste estatuto e singularmente no artigo 22.3.

#### Artigo 22

1. O exercicio da avogacía é incompatible con calquera actividade que poida supor menosprezo da liberdade, a independencia á dignidade que lle son inherentes.  
Así mesmo, o avogado que realice ao mesmo tempo calquera outra actividade deberá absterse de realizar aquela que resulte incompatible co correcto exercicio da avogacía, por supoñer un conflito de interese que impida respectar os principios do correcto exercicio contidos neste estatuto.
2. Así mesmo, o exercicio da avogacía será absolutamente incompatible con:
  - a) O desempeño, en calquera concepto, de cargos, funcións ou empregos públicos no Estado e en calquera das administracións públicas, sexan estatais, autonómicas, locais ou institucionais cuxa propia normativa reguladora así o especifique.
  - b) O exercicio da profesión de procurador, graduado social, axente de negocios, xestor administrativo e calquera outra cuxa propia normativa reguladora así o especifique
  - c) O mantemento de vínculos profesionais con cargos ou profesionais incompatibles coa avogacía que impidan o correcto exercicio desta.
3. En todo caso o avogado non poderá realizar actividade de auditoría de contas ou outras que sexan incompatibles co correcto exercicio da avogacía simultaneamente para o mesmo cliente ou para quen o fose nos tres anos precedentes.  
Non se entenderá incompatible esta prestación se é realizada por persoas xurídicas distintas e con consellos de administración diferentes.